



MEMORIA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA, CORRESPONDENTE AO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUDI-1.

1.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O día 9 de xullo de 2020 asínase un Protocolo Xeral de Actuación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a construción dun área industrial no termo municipal, dirixido ao desenvolvemento dun sector de solo para usos industriais ou terciarios, que polo seu tamaño non son posibles no solo urbano da capital, nos núcleos rurais e tampouco en solo rústico.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 03/07/2019, recolle a delimitación do Solo Urbanizable Industrial SUDI-1.

O SUDI-1 sitúase nunha franxa de terreo incluída no Territorio Histórico do Camiño Primitivo, paralela ao propio Camiño e á estrada LU-530, con acceso desde o cruzamento de ésta coa estrada municipal que comunica coa parroquia de A Porteliña. A superficie total ocupada é de 33.941 m².

Para proceder á execución das referidas obras será necesario proceder á contratación do servizo de redacción de proxecto, tendo en conta que a entidade non conta con medios persoais suficientes para desenvolver as referidas actuacións.

O 26 de xullo de 2021 asínase o Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto para a construción dun polígono industrial no municipio de A Fonsagrada. Na cláusula terceira, a Deputación asume o compromiso de financiar o importe correspondente á redacción do proxecto, así como o de actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación do referido servizo.

2.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o servizo de redacción do proxecto de execución do polígono industrial de A Fonsagrada, correspondente ao Solo Urbanizable Industrial SUDI-1, conforme á documentación municipal aprobada para o seu desenvolvemento.

O proxecto deberá cumprir todas aquelas condicións necesarias para a obtención das autorizacións administrativas e licenzas necesarias, así como contratar, executar e recibir as obras nas condicións establecidas na lexislación vixente, incluíndo o levantamento topográfico e estudo xeotécnico, no seu caso.

Unha vez entregado o proxecto os servizos técnicos provinciais procederán á súa revisión. No suposto de que existan cuestións a subsanar requirirase a corrección dos mesmos.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	1/6





DEPUTACIÓN DE LUGO

Na redacción do proxecto teranse en conta, ademais da normativa e lexislación de aplicación, as observacións efectuadas polos organismos competentes para obtención de autorizacións e licenzas preceptivas, e seguiranse as indicacións da Deputación de Lugo respecto aos materiais e alternativas a valorar e definir.

No contrato inclúese a redacción do proxecto de execución, coas modificacións necesarias para a obtención de licenzas e autorizacións preceptivas e informe favorable do Servizo de Supervisión desta Deputación, así como os visados que, no seu caso, correspondan legalmente.

Inclúense no importe do contrato todas as tarefas indicadas, con independencia da existencia de modificacións do importe inicialmente previsto para a execución das obras, polo que non se abonarán cantidades adicionais ás estipuladas no contrato.

3.- XUSTIFICACION DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS

O ámbito a desenvolver abarca unha superficie total de 33.941 m², incluíndo viais, zonas de uso industrial-terciario, espazos libres e zonas verdes así como equipamentos. Proxectaranse as diferentes redes de abastecemento de auga, saneamento, enerxía e alumeadado. O importe total do proxecto estímase en 650.000,00 €, IVE engadido.

A Unidade de Proxectos non conta con persoal suficiente para realizar as tarefas previstas, polo que será necesario proceder á súa contratación.

4.- CLASIFICACION CPV

O obxecto do contrato identifícase co seguinte código:

Código CPV	Descrición
71240000-2	Servizos de arquitectura, enxeñería e planificación


5.- PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS

Defínense no correspondente Prego de Prescripciónes Técnicas.

6.- PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

O proxecto deberá ser entregado no prazo de catro meses dende a formalización do contrato. O contrato estenderase ata a obtención dos permisos e licenzas necesarios para a realización das obras e o informe favorable do servizo provincial de supervisión.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	2/6





DEPUTACIÓN DE LUGO

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se obteñan os permisos, licenzas e informe referidos no parágrafo anterior.

7.- DIVISIÓN EN LOTES

O contrato inclúe a redacción do proxecto, modificacións necesarias durante a obtención das autorizacións e licenzas precisas para a execución das obras, así como para a obtención do informe favorable de supervisión, levantamento topográfico e estudo xeotécnico, no seu caso, e constitúe a documentación técnica necesaria para proceder á licitación e posterior adjudicación e execución das obras previstas no Protocolo asinado. Considérase por tanto que non procede a división en lotes.

8.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación da presente contratación é de 35.750,00 € incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE), de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O orzamento, sen considerar impostos, é de 29.545,46 €, aos que habería que engadir 6.204,54 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 35.750,00 €.

Tal e como está determinado nos artigos 100 e 101 da LCSP, coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado. En consonancia co artigo 102 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, faise constar que o prezo do presente contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento. Esta adecuación derívase, tanto da correcta estimación do seu importe, como do prezo xeral do mercado no momento de fixar o orzamento de licitación.

O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 101 da LCSP, é de 29.545,46 €, sendo a suma do importe total sen IVE, incluíndo as posibles prórrogas.

9.- RESPONSABLE DO CONTRATO

A Responsable do contrato será a Técnica Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos, Ana Belén Mera Arias.

10.- VOGAIS DA MESA DE CONTRATACIÓN

Para a constitución de mesa de contratación, propoñemos como membros da mesma a Don Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Xefe do Servizo de Vías e Obras como titular e Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Servizo de Vías e Obras como suplente.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	3/6





11. PROPOSTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta as características da prestación, propónse como criterios de valoración das ofertas:

1.- PREZO (40 puntos)

2.- ESPECIAL DISPONIBILIDADE (20 puntos):

Valorarase a especial disponibilidade de presenza física por parte dos técnicos encargados do servizo, cando así sexa requirido por parte desta Deputación. Enténdese como disponibilidade o compromiso de estar localizable e personarse dentro do prazo de vixencia do contrato nun prazo máximo de catro horas dende que sexa requirida a súa presenza por parte da Deputación Provincial. Considérase como mínimo para a execución do contrato a disponibilidade en horario de 08:00 a 15:00 de luns a venres, valorándose a partires deste do seguinte xeito:

Maior número de horas de disponibilidade de luns a venres, en horario de 15:00 a 20:00: 2 puntos por cada hora de aumento de disponibilidade diaria, ata un máximo de 10 puntos.

Estar localizable e personarse no lugar solicitado por motivos xustificadas en sábados, domingos ou festivos, en horario de 08:00 a 20:00: ata un máximo de 10 puntos, valorándose con 10 puntos o maior número de horas ofertado e o resto de forma proporcional.

3.- ASESORAMENTO E COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A OBTENCIÓN DE PERMISOS E LICENZAS (20 puntos):

Valorarase o asesoramento e colaboración en todos aqueles trámites necesarios para a obtención dos permisos e licenzas necesarios, así como a realización de trámites coas diferentes compañías distribuidoras de servizos. Os licitadores presentarán una memoria descritiva das actuacións complementarias ás funcións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas.

Valorarase con 0 puntos aquela oferta que non presente memoria descritiva das actuacións complementarias ás funcións establecidas no PPT.

Valorarase ata un máximo de vinte puntos o asesoramento e colaboración coa Deputación Provincial para a obtención de permisos e licenzas, así como a realización de trámites coas diferentes compañías distribuidoras, segundo os seguintes aspectos:

Ata 2 puntos segundo o grado de detalle e calidade da memoria.

Ata 6 puntos en función dos medios que se adscriben á execución das actuacións complementarias.

Ata 12 puntos segundo a organización, planificación e metodoloxía proposta na realización dos trámites.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	4/6





4.- METODOLOXÍA E CALIDADE DA OFERTA TÉCNICA (20 puntos):

Os licitadores presentarán unha memoria na que se defina e detalle cada unha das actuacións que forman parte da oferta, establecendo a organización, planificación e metodoloxía que se propón para a execución dos traballos, equipos a adscribir á execución da prestación, sistema de xestión documental, estrutura organizativa e equipo técnico. A memoria deberá referirse a todas as fases do contrato.

Valorarase con 0 puntos aquela oferta que non presente memoria descritiva ou que, no caso de presentala, non describa co detalle suficiente a oferta técnica.

Valorarase ata un máximo de 20 puntos a metodoloxía e calidade da oferta técnica, segundo os seguintes aspectos:

Ata 2 puntos según do o grado de detalle e calidade da memoria descritiva.

Ata 6 puntos en función dos medios que se adscriben á execución do contrato.

Ata 12 puntos segundo a organización, planificación e metodoloxía proposta.

12.- PROPOSTA CONDICIÓN S DE SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA ESPECÍFICAS.

Propónse como requisitos de solvencia económica:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo igual ao valor estimado do contrato (29.545,46 euros).

b) Existencia dun seguro de responsabilidade civil para cada un dos técnicos que interveñan no contrato por valor mínimo de 300.000 euros por asegurado e sinistro, sen ningún tipo de franquía, que asegurará as responsabilidades en que poidan incurrir. O seguro deberá estar vixente durante toda a execución do contrato.

Como requisitos de solvencia técnica, propónse a aportación, como mínimo, dun certificado de boa execución de redacción de proxecto no que o importe da obra sexa superior a 650.000,00 euros.

13.- PROPOSTA DE MEDIOS PERSOAIS PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS.

Considéranse necesarios para a realización dos traballos previstos os seguintes medios persoais:

A dotación de medios humanos que o adxudicatario dedicará a estes traballos haberá de adaptarse en cada momento a fin de cumprir os prazos previstos, de xeito que non se produzan retrasos que poidan afectar aos prazos de entrega do proxecto, tramitación de licenzas e autorizacións necesarias, licitación, execución e recepción das obras.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	5/6





DEPUTACIÓN DE LUGO

En todo caso considérase como medios humanos mínimos necesarios:

- 1 Técnico con titulación habilitante para a redacción do proxecto, conforme coa lexislación de aplicación.
- 1 Suplente en caso de ausencia do técnico redactor do proxecto, con titulación habilitante para a realización das tarefas previstas. Poderase xustificar este apartado cun compromiso por parte do suplente, debidamente asinado, non sendo necesario que exista unha relación laboral directa.

14.- PROPOSTA FORMA DE PAGO.

Proponse o pago segundo se establece a continuación:

- 70% do importe do proxecto á entrega do mesmo para a solicitude de licenzas e autorizacións.
- 30% do importe do proxecto unha vez que éste conte coas autorizacións e licenzas necesarias, así como informe favorable do Servizo de Supervisión correspondente desta Deputación.

Conforme ao establecido no Convenio, as facturas serán remitidas ao Concello de A Fonsagrada para a súa tramitación e pago.

Na data da sinatura dixital,

A Tca. Sup. De Edificacións e Obras

da Unidade de Proxectos

Asdo: Ana Belén Mera Arias

CONFORME:

O Presidente. P.D. Decreto de data 26-07-2019.

O Deputado Provincial: Pablo Rivera Capón.

	IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Fecha y Hora	28/07/2021 14:29:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	ANA BELÉN MERA ARIAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E2D322AE5SSXNABQGEI1664	Página	6/6

